



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN  
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



# PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO IES PAZO DA MERCÉ AS NEVES

1. INTRODUCCIÓN	2
1.1. Situación xeográfica e demográfica	2
1.2. Nivel sociocultural e socioeconómico	2
1.3. Contextualización - EDNL	2
1.4. A situación do profesorado	3
1.5. A situación do alumnado	3
1.6. A situación do Persoal de Administración e Servizos	3
1.7. A situación do centro: distribución lingüística curricular	3
2. MARCO LEGAL	4
3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO	5
3.1. Análise de estratexias	7
4. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN	8
4.1. Uso e promoción do galego	8
4.2. Uso e promoción das outras linguas que se imparten no centro	9
5. ACTIVIDADES	10
5.1. Programacións Didácticas dos Departamentos	10
5.2. Departamentos	10
5.2.1. Actividades do Departamento de Latín	10
5.2.2. Actividades do Departamento de Lingua galega e literatura	10
5.2.3. Actividades do Departamento de Lingua castelá e literatura	10
5.2.4. Departamento de Matemáticas	10
5.2.5 Departamento de Educación Física	11
5.2.3 Departamento de Música	11
5.3. Dinamización en Lingua Galega e Biblioteca	11
5.3.1. Actividades do Equipo de Dinamización en Lingua galega	11
5.3.2. Actividades da Biblioteca	11
5.4. En linguas estranxeiras	12
5.4.1. Actividades do departamento de Francés	12
5.4.2. Actividades do departamento de Inglés	12
5.4.3. Actividades de Portugués (Departamento de Galego)	13
5.5. Proxectos interdisciplinares	13
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	13
7. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS ÁREAS	14
8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NAS PROGRAMACIÓNS	22
9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS	22
9.1. Medidas de apoio e reforzo nas linguas estranxeiras	22
9.2. Medidas de apoio e/ou reforzo para o alumnado estranxeiro	22
10. AVALIACIÓN	24
11. ANEXOS	26
11.1. Acordos dos Departamentos de Linguas	26
11.2. Reunións periódicas para sincronizar contidos gramaticais	28
11.3. Proposta para a realización de traballos ou presentacións	28

# 1. INTRODUCCIÓN

## 1.1. Situación xeográfica e demográfica

As Neves é un municipio galego situado na parte meridional da comarca do Condado, na provincia de Pontevedra, que limita polo sur co río Miño, sendo, por tanto, parte da fronteira con Portugal, polo norte co concello de Ponteareas, polo nordeste co da Cañiza, polo leste co de Arbo e polo oeste co de Salvaterra de Miño. Ten unha poboación, segundo o INE de 2022, de 3.746 habitantes e, segundo os datos do padrón continuo do INE, o grupo de idade maioritario atópase entre os 40 e os 79 anos.

## 1.2. Nivel sociocultural e socioeconómico

O IES Pazo da Mercé localízase na parroquia de Tortoreos, na parte sur do municipio das Neves. Acolle principalmente alumnado das Neves e de Arbo, pero tamén das parroquias limítrofes de Salvaterra (Meder e Leirado). Nos ciclos formativos, ademais dos concellos veciños, como Ponteareas e Salvaterra, acode alumnado procedente doutros, como o Covelo, Mondariz e Mos.

Nas Neves concretamente o nivel socioeconómico maioritario é medio-baixo e a ocupación principal da poboación é o sector primario.

O municipio dispón dalgúns lugares de lecer e tempo libre entre os que destacan os distintos campos de fútbol existentes nas parroquias e unha piscina municipal descuberta de uso estival. Ademais, certa parte do alumnado accede a múltiples servizos doutros concellos, mormente Salvaterra e Ponteareas, pero tamén de Monção (á piscina municipal, aos comercios etc.).

No ámbito cultural, o Concello ten en marcha actualmente o proxecto chamado “Estación Cultural” no que cada estación do ano corresponde cunha disciplina: Outono de teatro, Inverno de cinema, Primavera de música e Verán de festas. Canto ás infraestruturas, dispón dunha biblioteca, dunha casa da cultura, dun auditorio e dunha casa da xuventude orientada á realización de actividades para os máis novos.

Por outro lado, o municipio está irmanado con nove comunas da Loira Atlántica Meridional (Sud Retz Atlantique) e realízanse estadias de intercambio entre residentes de ambas as localidades.

## 1.3. Contextualización - EDNL

Como o IES Pazo da Mercé das Neves se nutre de alumnado eminentemente das zonas rurais e dalgúns núcleos urbanos pequenos do propio concello, mesmo tamén dos de Arbo, Salvaterra e Ponteareas, o galego, xeralmente, ten unha presenza notoria.

Agora ben, aínda que o alumnado ten a oportunidade de vivir en contextos galegofonos, tamén é certo que tanto a presión da falla na transmisión xeracional que provoca a existencia de prexuízos como a escasa presenza do galego en espazos clave, como poden ser os medios de comunicación, están a funcionar de elementos castelanizadores.

## 1.4. A situación do profesorado

O profesorado, en xeral, non presenta especiais problemas para usar a lingua galega nin especial oposición para que se fagan actividades en beneficio do galego.

## 1.5. A situación do alumnado

Ben que o galego non é a lingua habitual de todo o alumnado, existe unha porcentaxe que o ten como tal e que o fala na casa. Porén, parte dese alumnado logo que chega a xunto dos seus compañeiros ou das suas compañeiras fala castelán.

Canto ás actitudes lingüísticas explícitas, salvo excepcións moi illadas, son positivas ou mesmo moi positivas. Non o son tanto as actitudes lingüísticas implícitas (aquelas que deberían demostrar a eliminación de prexuízos para falar, con normalidade, a lingua coas persoas da súa idade e mesmo defendela como o seu idioma propio). Como centro raiano, o alumnado (con persoas incluso que son froito de matrimonios transfronteirizos con Portugal) sabe das posibilidades de comunicación da lingua galega en Portugal e na lusofonía, mais soen ocultar esa condición e non acaban por valorala na súa xusta medida e transmitila aos e ás demais.

A porcentaxe de alumnado estranxeiro é moi pequena e soe integrarse moi rápido na aprendizaxe da lingua galega pola continua exposición á que está sometido. Salvo situacións moi especiais, durante os anos de exención soen adquirir un nivel aceptable para entender, falar, ler e mesmo escribir.

## 1.6. A situación do Persoal de Administración e Servizos

O PAS non presenta inconvenientes canto ao uso do galego nas súas atribucións. No ámbito administrativo úsase o galego como lingua normal e habitual na escrita. No ámbito oral, a Secretaría usa o galego de forma practicamente exclusiva; a Conserxaría e o persoal de Limpeza tamén.

## 1.7. A situación do centro: distribución lingüística curricular

Cumpre co exixido no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, é dicir: as materias de lingua danse no idioma de referencia; en galego as de Ciencias Sociais, Xeografía e Historia, Ciencias da Natureza e Bioloxía e Xeoloxía; e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e Química. Nas demais é o centro o que ten e cumpre a responsabilidade de garantir unha repartición equitativa entre as que se dan en galego ou en castelán.

## 2. MARCO LEGAL

- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística (DOG do 14 de xullo).
- Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega (aprobado, por unanimidade, no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004).
- Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25 de maio).
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2012, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Galicia (xullo de 2013).
- Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega (DOG do 19 de febreiro).
- Instrución para aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, e a Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega.
- Orde do 14 de setembro de 2010 pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística (DOG do 21 de setembro).
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia (DOG do 20 de maio).
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario (DOG do 20 de maio, corrección de erros DOG do 30 de maio).
- Orde do 12 de maio de 2011 pola que se regula a actividade das persoas auxiliares de conversa que realizan o seu labor en centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 20 de maio).
- Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (DOG do 9 de agosto).
- Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 (DOG do 2 de setembro).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29 de xuño).

### 3. O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

Segundo os datos que revelan as enquisas que elaborou o equipo deste proxecto dirixidas ao alumnado, ao profesorado e ao persoal non docente, o uso das linguas galega, castelá, portuguesa, inglesa e francesa presenta as seguintes tendencias:

#### **No alumnado:**

- Malia aprender as dúas linguas (galego e castelán) por igual como linguas iniciais, o castelán é a lingua máis usada polo alumnado na casa, cos pais, cos irmáns e cos amigos onde chega a superar o 80%.
- Nas aulas, o alumnado tamén usa máis o castelán cos compañeiros, co persoal non docente e na escrita. Mentres que nos exames e co profesorado emprega as dúas linguas españolas por igual.
- Fóra do IES, os ámbitos nos que máis usan o galego é na familia (74,3%) e no concello ou parroquia (63,2%).
- Nas conversas, acostuman responder na lingua da persoa interlocutora, mais un 38,4% responde en castelán cando lles falan en galego e só un 16% se mantén en galego cando lles falan en castelán.
- En canto a competencias, o castelán destaca nas expresións (oral e escrita), e as dúas por igual nas comprensións.
- A competencia percibida do alumnado en galego é media alta (75,6%).
- O alumnado afirma que un 60,8% do profesorado imparte as súas aulas en galego e castelán por igual.
- En canto á valoración que fai do futuro, o alumnado prognostica que falará máis castelán ca galego, no entanto, nas súas intencións predomina o uso das dúas linguas por igual.
- Entre as linguas estranxeiras (inglés, francés e portugués), predomina, no seu lecer, o inglés tanto na comprensión como na expresión orais (música, vídeos, viaxes, redes sociais...) así como tamén na comprensión escrita, seguido polo portugués e o francés.
- Á hora de falar, sobresaen o inglés de maneira frecuente ou ocasional, seguido do portugués e do francés.
- Na lectura, no tempo de lecer, destaca o inglés cun emprego do 40%.
- En canto ao emprego das linguas estranxeiras no día a día, tamén destaca o inglés. O portugués, pola súa parte, debido á proximidade xeográfica, é máis usado ca o francés nas redes sociais e nas compras.
- A maioría do alumnado cre que escoitar é moito máis doado ca falar, ler ou escribir (nesta orde). E prefire escoitar antes ca escribir, ler ou falar.

#### **No profesorado:**

- Aprendeu a falar máis en castelán ca en galego mais, no uso habitual, destacan as opcións de galego e máis castelán.
- No centro educativo, empregan maioritariamente o galego, aínda que un 40% decide usar o castelán nas probas de avaliación.
- En canto á competencia lingüística, destaca o uso das dúas linguas cooficiais por igual. No entanto, en galego non supera o 20%.
- O 51,4% considera que ten moitas capacidades para empregar o galego. Un 8,6% considera que as ten baixas.

- No referente ao uso das dificultades que lles supón usar o galego nas aulas, destaca a escritura: un 67,9%.
- O profesorado percibe que un 63,6% do alumnado emprega máis castelán.
- As expectativas de futuro reais en torno ao uso do galego son baixas; só un 20% pensa que se falará máis galego e un 60% cre que no 2100 a maioría da poboación debería falar máis galego.
- O 94,1% considera que a presenza do galego no centro é plena/ampla.
- Ademais do galego e do castelán, o profesorado domina o inglés (de forma destacada), o francés, o portugués e o italiano.
- Na expresión oral, destaca tamén o inglés, seguido do francés e do portugués.
- Á hora de falar, sobresaí o inglés de maneira frecuente ou ocasional.
- Na lectura, no tempo de lecer, destaca o inglés; un 80% adoita ler, de cando en vez, nesta lingua.
- En canto ao emprego das linguas estranxeiras no día a día, tamén destaca o inglés. O portugués, pola súa parte, debido á proximidade xeográfica, é máis usado ca o francés nas redes sociais e nas compras.
- A maioría do profesorado cre que ler (e, en portugués, escoitar) é moito máis doado ca escoitar, falar ou escribir (nesta orde).

**Persoal non docente:**

- A lingua que se emprega maioritariamente dentro do centro é o galego mentres que nos ámbitos familiares o castelán e o galego por igual son predominantes.
- A apreciación sobre a súa competencia en lingua galega é media.
- O persoal docente non aprecia carencias no traballo en canto ao uso do galego.
- A presenza do galego no centro é plena.

### 3.1. Análise de estratexias

Para concretizar os obxectivos e liñas de actuación presentes e futuras, pensouse na necesidade de aplicar algunha ferramenta de análise de estratexias. A que parece máis axeitada sería a análise DAFO. Esta ferramenta permite analizar a realidade do proxecto ou do centro para poder tomar decisións e para as estratexias seren viables. Os pasos a seguir serían os seguintes:

1º) Análise/diagnóstico do Centro: constatación da situación na que se encontra o centro no momento actual.

– Análise interna (Debilidades e Fortalezas): Observar e contabilizar os aspectos negativos (carencias e limitacións) e positivos (puntos fortes e aproveitables) dos factores do propio funcionamento do centro.

– Análise externa (Ameazas e Oportunidades): enumerar e visualizar aqueles aspectos negativos e positivos orixinados fóra do mundo escolar. Deberían ser tidos en conta, ben para os superar, no caso das ameazas (fendas ou puntos fracos), ben para aproveitar as vantaxes que brinda o contexto exterior.

2º) Confección da matriz DAFO sendo realistas e con visión construtiva.

3º) Determinación da estratexia, que leve a potenciar as fortalezas, superar as debilidades, controlar as ameazas e beneficiarse das oportunidades.

4º) Tomada de decisións: Consolidar os puntos fortes por un lado e, polo outro, minimizar os puntos débiles.

<b>Análise interna</b>		<b>Análise externa</b>	
<b>Debilidades</b>		<b>Ameazas</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O PLC atópase sen actualizar desde hai varios cursos</li> <li>- Nalgúns puntos estaba incompleto ou falto de concreción</li> <li>- O claustro de profesorado vén sendo moi cambiante nos últimos cursos, ao igual que a coordinación do EDLG</li> <li>- Un sector do profesorado descoñece este documento</li> <li>- Existen outros proxectos no centro que se desenvolven simultaneamente</li> <li>- Apenas se contempla a participación das familias</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- O contexto socioeconómico non facilita a implicación das familias</li> <li>- Esa mesma situación impide intercambios lingüísticos ou estadías de formación no estranxeiro para o coñecemento doutras linguas</li> <li>- A mobilidade do profesorado non favorece a súa implicación a longo prazo</li> </ul>	
<b>Fortalezas</b>		<b>Oportunidades</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Está sendo actualizado ao mesmo tempo que outros documentos importantes do centro, Plan TIC ou proxectos de innovación</li> <li>- Participa na súa elaboración un grande número de profesorado, especialmente o dos departamentos lingüísticos.</li> <li>- O feito de ser un claustro reducido facilita a coordinación do profesorado e dos departamentos a través da CCP e da formación de grupos de traballo</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colaboración en actividades e proxectos co Concello e con entidades vinculadas á Comunidade Escolar</li> <li>- Difusión e seguimento das nosas actividades na web e en redes sociais co obxectivo de chegar a toda a Comunidade Educativa</li> </ul>	



## 4. OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

### 4.1. Uso e promoción do galego

- Utilízase, impúlsase e divúlgase a lingua galega en todas as actividades no Centro, promovendo que tanto as comunicacións xeradas nel como toda a documentación interna sexan en galego.
- Trabállase por que o alumnado atinxa unha boa competencia lingüística nas linguas oficiais e unha aceptable nas estranxeiras.
- Promóvese a lectura, a fala, a comprensión e a escrita na lingua propia da Comunidade.
- Valóranse a historia e a cultura propias programando actividades para o coñecemento delas.
- Mantense a comunidade educativa informada de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, celebracións, revistas, concursos...
- Dótase o centro dos materiais curriculares adecuados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- Dótase a biblioteca e as aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego e promover o seu uso.
- Facíllase a asistencia ao centro de autores literarios, contacontos, grupos teatrais e de música ou ben de persoas relevantes da escena pública, que promovan a lingua e a cultura galegas.
- Poténciase que todos os membros da comunidade educativa valoren positivamente o uso do galego.
- Intégrase o alumnado recién chegado sen coñecemento suficiente da lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do que provén doutros países, se o houber.
- Mantense e promóvese relacións abertas con organismos oficiais, asociacións veciñais, ANPA e outros Equipos de Dinamización da Lingua Galega da zona.
- Poténciase o Equipo de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dase visibilidade explícita ás súas actuacións.
- Infórmase e implícase as familias no proceso dinamizador e normalizador.
- Promóvense as celebracións tradicionais galegas.
- Promóvese o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, patrimonio, historia, artes, xeografía...

## 4.2. Uso e promoción das outras linguas que se imparten no centro

- Francés como 2ª lingua en tódolos cursos da ESO e Bacharelato.
- Francés como 1ª lingua en Bacharelato.
- Portugués como 2ª lingua en tódolos cursos da ESO
- Inglés como 1ª lingua en tódolos cursos da ESO e de Bacharelato.

### Realización de probas de nivel lingüístico en lingua inglesa (niveis B1 e B2)

No ano académico 2021/2022 o Departamento de Inglés informou ao alumnado da convocatoria da Xunta de Galicia de axudas para a realización de probas de nivel lingüístico destinadas a 4º da ESO, Bacharelato e Formación Profesional. Esta oportunidade para obter un título que acreditase o nivel B1 e B2 en Inglés tivo boa acollida nas aulas.

En consecuencia, no curso académico 2021/2022 o IES Pazo da Mercé convértese por primeira vez na sede de celebración dos exames Trinity College ISE I (B1) e ISE II (B2).

No curso académico 2021/2022 presentáronse un total de 14 alumnos dos que 11 obtiveron o certificado de nivel B1 e 2 o certificado de nivel B2. Soamente unha persoa non superou as probas. No presente curso académico 2022/2023 matriculáronse un total de 11 alumnos, 7 no nivel B2 e 4 no nivel B1. Cómpre sinalar que unha das persoas que se matriculou fíxoo mesmo sen ser adxudicataria da axuda. Nesta convocatoria 9 das 11 persoas participantes lograron a certificación de nivel.

En ambos os cursos as persoas que se matricularon nas probas pertencen a 4º da ESO, Bacharelato e Formación Profesional.

### Sección bilingüe en lingua inglesa

No curso académico 2021/2022 implántase unha sección bilingüe en lingua inglesa no centro no Ciclo Superior conducente ao título de *Técnico/a superior en desenvolvemento de aplicacións web*. A docencia en inglés desenvólvese especificamente no primeiro curso no módulo *Sistemas informáticos*.

No presente curso académico 2022/2023, a sección bilingüe conta cun total de 18 estudantes. Trátase dun grupo heteroxéneo en canto ao dominio da lingua estranxeira mais cómpre sinalar que algunhas persoas contan cun nivel C1 e mesmo unha delas cun nivel C2.

A sección bilingüe nace co obxectivo de preparar ao alumnado para o uso real da lingua inglesa en contextos técnicos. O enfoque didáctico para acadar este propósito baséase na práctica comunicativa na aula mediante tarefas de crecente dificultade lingüística que á vez profundan nos contidos do módulo. En síntese, pódese dicir que a principal característica do uso do inglés na sección bilingüe é o seu emprego eminentemente práctico en contextos que tratan de ser motivadores e que tentan potenciar de xeito especial o uso das destrezas orais.

## 5. ACTIVIDADES

### 5.1. Programacións Didácticas dos Departamentos

Os distintos departamentos do IES Pazo da Mercé inclúen nos apartados correspondentes coa Contribución ás competencias clave (Lomce) e coa Concreción dos elementos transversais (Lomloe) referencias á comprensión lectora e á expresión oral e escrita. Nalgúns non consta explicitamente, aínda que se deduce noutros aspectos, como a metodoloxía. Con todo, é na alínea de Actividades Complementarias e Extraescolares onde se centra o noso interese. Destacamos as iniciativas máis importantes.

### 5.2. Departamentos

#### 5.2.1. Actividades do Departamento de Latín

O Departamento de Latín fomenta actividades extraescolares que intentan aproximar o alumnado ao Mundo Clásico. Deste xeito, ofértase a asistencia anual ao Festival Grecolatino organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos, así como aos *Ludi Compostellani* celebrados na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela coa mesma periodicidade. De igual xeito, anímase ao alumnado a que consulte lecturas relacionadas coa mitoloxía grecorromana, cuxos exemplares se atopan dispoñibles na Biblioteca do centro, a cal dispón dunha ampla variedade de obras sobre a dita temática.

#### 5.2.2. Actividades do Departamento de Lingua galega e literatura

O Departamento de Lingua galega e literatura fomenta o coñecemento da lingua, literatura e cultura galega vinculadas á cultura do país. Para iso faise uso de actividades extraescolares relacionadas a visitas a outros centros de Galicia, casas-museo ou lugares típicos galegos. Tamén é de vital importancia o visionado de obras de teatro e a visita de autores que fomenten o sentido crítico do noso alumnado. Da mesma maneira, ditas charlas/coloquios estarán vinculadas a figuras culturais ou literarias galegas. Por suposto, colabórase de maneira directa co EDNL tanto nas súas actividades como propostas durante o ano lectivo.

#### 5.2.3. Actividades do Departamento de Lingua castelá e literatura

O Departamento de Lingua castelá e literatura propón actividades relacionadas co fomento da lectura como encontros con escritores e escritoras, asistencia a representacións teatrais, visita a casas-museo, rutas literarias, exposicións, concursos literarios, obradoiros de escritura e recitais poético-musicais. Tamén colabora coa Biblioteca e o Club de Lectura nas actividades propostas para celebrar diversas efemérides relacionadas coa literatura.

#### 5.2.4. Departamento de Matemáticas

Na programación especificase que se debe dar importancia á expresión oral e escrita dos procesos e dos razoamentos para que axuden a formalizar o pensamento. Instase a traballar a mellora da lectura comprensiva a través dos enunciados dos problemas, da análise de noticias e doutros procedementos. Para iso propóñense as seguintes lecturas:

-Para 1º e 2º de ESO: H. M. Enzensberger, *El diablo de los números*; C. Frabetti, *Malditas matemáticas*, e mais *Alicia en el País de los números*, e J. Sierra i Fabra, *El asesinato del*

*profesor de matemáticas.*

-Para 3º e 4º de ESO: E. A. Abbott, *Planilandia* e Malba Tahan, *El hombre que calculaba*.

-Para Bacharelato: A. Doxiadis, *El tío Petros y la conjetura de Goldbach* e D. Guedj, *El teorema del loro*.

### 5.2.5 Departamento de Educación Física

Desde o Departamento propóñense lecturas para completar os contidos conceptuais:

Carlin, J.. *El factor humano*; Hernando, A. *Cuando fuimos los mejores*; Jurek, S. *Correr, Comer, Vivir*; Krakauer, J. *Mal de altura*; Otxoa de Olza, I. *Bajo los cielos de Asia*; Raña, I. *Instinto Raña. De incomprendido a pionero del triatlón*; Sánchez, S. *Cómo morir joven lo más tarde posible*; Sillitoe, A. *La soledad del corredor de fondo*, e Vázquez, M. *Fitness Revolucionario. Lecciones ancestrales para una salud salvaje*.

### 5.2.3 Departamento de Música

En colaboración con un profesor do IES da Cañiza, o titular de Música creou o dúo «Trobar-dos», que fai sesións didácticas dentro dun Proxecto poético-musical, *Con-versos En-canta-dos*, que consisten na musicalización de poemas en galego e en castelán de autores literarios, agrupados en diferentes presentacións segundo o propósito (Día de Rosalía, Semana do libro, Día da muller traballadora, Semana das letras galegas...), tanto neste centro como noutros. O repertorio é:

-Monográfico do *Romancero Gitano* de Lorca.

-A poesía musicada desde a Idade Media ata o Romantismo en Galicia.

-A poesía musicada dos séculos XX e XXI en Galicia.

-A poesía musicada desde a Idade Media ata o Romantismo en España e Hispanoamérica.

-A poesía musicada dos séculos XX e XXI en España e Hispanoamérica.

## 5.3. Dinamización en Lingua Galega e Biblioteca

### 5.3.1. Actividades do Equipo de Dinamización en Lingua galega

Durante o ano lectivo o EDNL realiza actividades relacionadas coa lingua e a literatura galegas. Estas actividades poden ser concursos (audiovisuais ou de escrita mediante a realización de cartas), coloquios de autores, cartelería ou creación de biografías para o Día das Letras Galegas ou, mesmo, concertos-recitais vinculados coa literatura galega. Tamén é de grande importancia desenvolver a radio do centro “RadioEspazo” e manter actualizado o blogue do EDNL.

### 5.3.2. Actividades da Biblioteca

- Proxecto “O MONTE NACE NA ESCOLA”.
- Colaboración coas actividades das escolas UNESCO.
- Programa de formación de usuarios.
- Campañas de lectura. Realizamos periodicamente recomendacións de lectura, incluíndo lecturas para as vacacións. Tamén se fomenta a lectura de prensa: dende o blog, facilitamos enlaces a prensa nacional e internacional en diferentes linguas. Estamos subscritos ás revistas *Muy Interesante*, *I love English*, *Grial* e *Pedagogía*.
- Encontros con autores e autoras.

- Concursos.
- Exposicións para celebrar distintas efemérides: libros de medo (para a celebración do Samaín), libros de ciencia (en novembro, Mes da ciencia, Día do medio ambiente), libros románticos (14 de febreiro), libros de Rosalía de Castro (para o 23 de febreiro, día de Rosalía), prensa (para a semana da prensa en marzo), poesía (para o 21 de marzo) e obras do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2023.
- Obradoiros de escritura.
- Celebracións: o centro, e en concreto a Biblioteca, celebrará o Día Internacional da Biblioteca, o Día das Mulleres escritoras, o Samaín, novembro como Mes da Ciencia, o Día do Medio Ambiente, o Día Universal da Infancia, o Día contra a Violencia de Xénero, o Día de Rosalía de Castro, o Día da Muller Traballadora, a Semana da Prensa, o Día da Poesía, o Día do Libro e a Semana das Letras Galegas.
- Mercado de libros de segunda man.
- Sorteio dunha cesta de material escolar en decembro.
